

Recentemente, neste Concello, instaurouse o **Portal de Licitación do Concello de Santiago** (<https://licitacion.santiagodecompostela.gal/>) a través do que as empresas licitadoras poderán presentar as súas ofertas electronicamente, dando así cumprimento ao estipulado na vixente Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público.

Ademais esta plataforma servirá para realizar tódolos tramites relativos a cada licitación, tales como o requirimento e envío de subsanacións, formulación e contestación de dúbidas suscitadas polos pregos, realización de comunicación e notificacións etc.

E polo co fin de facilitar todos estes trámites, a empresa encargada do deseño, mantemento e soporte do portal, **PIXELWARE**, procederá o **VINDEIRO DÍA 9/04/2019 ÁS 13:00 HORAS NO SALÓN DE PLENOS DESTE CONCELLO**, Praza do Obradoiro s/n, a realizar unha presentación enfocada a dar a coñecer as empresas licitadoras o funcionamento da mencionada plataforma, así como a resolver as dúbidas que se poidan suscitar co seu manexo.

Considerando que pode ser do seu interese, convidámolo a esta presentación, solicitando a confirmación da súa asistencia a través do correo electrónico, licitacion@santiagodecompostela.gal

Un saúdo



DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO